



Concello de Vigo

JOSE RIESGO BOLUDA, SECRETARIO XERAL DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO,

CERTIFICA: Que o Pleno do Concello en sesión ordinaria do día 24 de novembro de 2003, adoptou o seguinte acordo:

12.- SOLICITUDE DE COMPATIBILIDADE PARA SEGUNDA ACTIVIDADE DE PROFESOR UNIVERSITARIO ASOCIADO A TEMPO PARCIAL DO FUNCIONARIO DON ALVARO CRESPO CASAL.

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe temito polo xefe da Unidade de Persoal con data 22 de outubro de 2003:

"A medio de instancia presentada no Rexistro da Universidade de Vigo, oportunamente remitida a esta Administración pola Xefatura de servicio de xestión de persoal desa Universidade, D. ALVÁRO CRESPO CASAL, funcionario de carreira da Corporación, incluído na escala de Administración especial e coa categoría de enxeñeiro industrial (Grupo A de titulación), adscrito ó posto de traballo de xefe do Servicio de Electromecánicos, solicita a compatibilidade do seu posto de traballo nesta Administración co de profesor asociado T3, a tempo parcial, da Universidade de Vigo.

Achégase igualmente ó expediente informe favorable do Sr. Rector da universidade, do 8 de outubro de 2003.

INFORME:

A lei 53/84, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, no seu artigo 4.1, establece que poderá autorizarse a compatibilidade, cumpridas as restantes esixencias da lei, para o desenvolvemento dun posto de traballo na esfera docente como profesor universitario asociado, con réxime de dedicación non superior á de tempo parcial.

En canto á xornada a tempo parcial, o artigo 14 do RD 598/85, do 30 de abril, establece que se considera xornada a tempo parcial a que non supere as 30 horas semanais, circunstancia que se da neste caso.

Por outra banda e de conformidade co artigo 16.3 da citada lei, exceptúase da prohibición de percibir complemento específico ás autorizacións de compatibilidade para exercer como profesor universitario asociado.

Asemade, e consonte ó disposto no artigo 3 da Lei, a autorización que sexa concedida non poderá supoñer modificación da xornada de traballo e horario, de ámbolos dous postos, condicionándose o seu estricto cumplimento en ámbolos dous, quedando sen efecto en caso de cambio de posto de traballo.

O artigo 7.1 da lei 53/84, do 26 de decembro, de incompatibilidades, establece pola súa banda que será requisito necesario para conceder compatibilidades de actividades públicas que a cantidade total percibida por ambos postos ou actividades non supere a remuneración prevista nos presupostos xerais do Estado para o cargo de director xeral nin supere a correspondente ó principal, estimada en réxime de dedicación ordinaria,

incrementada nun 30% para os funcionarios do grupo A. Nembargantes, o mesmo precepto engade que a superación destes límites, en cómputo anual, require acordo do Pleno da Corporación local en atención a razóns de especial interese para o servicio.

A eventual autorización de compatibilidade do Sr. Crespo Casal, á vista dos datos remitidos pola Universidade de Vigo, non suponaría unha conculcación destes límites porcentuais, nin excedería das retribucións brutas anuais do cargo de director xeral, establecidas en catorce mensualidades."

Polo anteriormente exposto, o xefe da Unidade de Persoal formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Réxime Interior, en sesión do 17 de novembro de 2003, dictamina favorablemente a devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Autoriza-la compatibilidade ó funcionario D. ALVARO CREPOS CASAL, enxeñeiro industrial adscrito ó posto de xefe do servizo de Electromecánicos, para desenvolve-la actividade de profesor asociado T3 na Universidade de Vigo, a tempo parcial, entendéndose por esta a que non supere as trinta horas semanais.

Segundo.- A presente autorización non conllevará diminución ningunha na xornada normal de traballo do funcionario, nin afectará ó seu horario de traballo.

Para o suposto de que a suma das retribucións brutas anuais por ámbolos dous postos experimentasen algún incremento que excedese dos límites anteriormente reseñados, o interesado deberá solicitar do Pleno do Concello a pertinente dispensa, segundo o disposto no artigo 7.1 da Lei de Incompatibilidades.

Terceiro.- A presente autorización non implicará perda do Complemento específico segundo o disposto no artigo 16.3 da lei 53/84, do 26 de decembro.

Cuarto.- Quedará sen efecto, polo que deberá volver solicitala, no caso de cambio de posto de traballo ou cando a súa xornada supere a máxima prevista no artigo 14 do Rd 598/85, do 30 de abril.

E para que así conste e ós efectos oportunos, expido esta certificación de orde e co visto e prace do Ilmo. Sr. Alcalde, coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamiento e réxime xurídico das entidades locais, en Vigo a vinte e oito de novembro do ano douce mil tres.

km

Vº e pr.

O ALCALDE ACTUAL.,

Miguel Barros Puente

MBP

